

PROGRAMACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Á MÚSICA

NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Á MÚSICA

INTRODUCCIÓN

A incursión da tecnoloxía nas nosas vidas é tan intensa que provoca fortes modificacións tanto nos nosos actos cotiás domésticos, coma no ámbito laboral. Moitos son os produtos tecnolóxicos que manexamos a diario e que posibilitan o acceso ao coñecemento da tecnoloxía en grande medida, polo menos a nivel de usuario.

A música é precisamente un contorno no que a tecnoloxía ten unha presenza profunda. Hoxe en día non se entende o fenómeno musical sen estar vinculado dalgunha forma a un dispositivo tecnolóxico; a experiencia da música gravada constitúe en si mesmo un proceso sumatorio de pasos, onde os avances tecnolóxicos van deixando a súa pegada.

No ámbito profesional o músico dependerá de variados e cruciais elementos tecnolóxicos que lle permitirán desde gravar a súa música, escoitala nun reprodutor portátil, manipulala nun ordenador, facer a súa propia distribución nun soporte que el elixa, etc... Os estudos de gravación profesionais convértense así nun centro de importancia onde o músico intérprete ou compositor desenvolverá gran parte do seu labor profesional.

Xa que logo, resulta xustificado que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos, atendendo a unha necesidade social que fai da tecnoloxía o contexto habitual do músico que se queira realizar como tal. Polo tanto os puntos importantes desta materia organízanse en tres piares formativos; por un lado, o que fai referencia ao ordenador, o seu hardware e o seu software –sobre todo o que ten que ver coa edición musical-, por outro lado o contorno de estudo de gravación profesional –desde un punto de vista básico- ; e por último o coñecemento básico e tamén fundamental dos principios acústicos que rexen nos instrumentos e na propia execución tecnolóxica. Esta materia posibilitará un maior afondamento no proceso tecnolóxico vinculado á música e tamén achegará ferramentas de gran produtividade ao alumnado que poderá usar e ampliar ao longo da súa formación musical.

OBXECTIVOS

- Coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, secuenciadores e editores de audio dixital.
- Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento práctico de actividades propostas nesta materia.
- Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a información musical.
- Sentar as bases dun coñecemento a nivel técnico sobre os parámetros do audio dixital.
- Coñecer a nivel básico os dispositivos de reprodución e gravación usados nos estudos especializados.
- Comprender as terminoloxías usadas dentro da informática musical e os contornos de tratamento de audio analóxico e dixital.
- Entender os conceptos básicos da acústica e as súas aplicacións en diferentes contornos, tanto nos instrumentos como na informática musical.
- Valorar a importancia do coñecemento tecnolóxico no desenvolvemento actual do músico profesional.

CONTIDOS

- Ordenador. Os seus principios básicos de funcionamento e as súas unidades de medida.
- Componentes do ordenador, periféricos, tipos de conexións e conectividade dos aparellos musicais en xeral.
- Midi e o audio dixital.
- MP3 e outros formatos de compresión.
- Editores de partituras. Editores de audio dixital.
- Secuenciador Logic Audio.
- Creación dun proxecto vacío
- Creación de pistas novas de audio e midi
- Aspectos básicos da ventana organizar
- Explorar a galerías de sons de Logic Audio
- Añadir un pasxe de audio importando un bucle Apple Loops a unha pista de audio

- Uso da barra de transporte
- Axuste da posición do cursor de reprodución e controlar a reprodución
- Axustar e utilizar o ciclo
- Desfacer accións
- Grabación de Audio
- Axuste do metrónomo
- Corrección do tempo de grabación
- Como elixir as ferramentas
- Silencio e solo de pistas e pasaxes
- Solo de pasaxes
- Silencio de Pistas
- Solo de Pistas
- Edición de pasaxes
- Desplazamento de pasaxes
- Copia de pasaxes
- Eliminación de pasaxes
- Bucles de pasaxes
- Uso do inspector
- Aspectos básicos dos editores Midi
- Editor de teclado
- Cuantizar
- Manexo de arquivos de Audio
- Mezclar e exportar un proxecto
- Utilizar os controles do canal
- Exportación do proxecto
- Realización dun bounce da mezcla
- Os estudos de gravación. Dispositivos de gravación. Dispositivos de reprodución.
- Introducción á acústica xeral.
- Acústica básica dos instrumentos e a súa aplicación no ámbito do audio dixital.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios do Decreto 203/2007 son os seguintes:

- Realizar exercicios de transcripción nun editor de partituras. Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado en relación co manexo fluído das principais opcións de edición de partituras.
- Realizar exercicios de edición a nivel básico cun editor de audio dixital. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para desenvolverse a nivel básico dentro dun programa de edición de audio ou secuenciador.
- Identificar as partes xerais do interior dun ordenador. Con este criterio valorarase a habilidade do alumnado para recoñecer os compoñentes externos básicos que se poden conectar a un ordenador.
- Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador. Con este criterio valorarase a habilidade do alumnado para recoñecer os compoñentes externos básicos que se poden conectar a un ordenador.
- Describir o funcionamento dos principais aparellos que integran un estudo musical profesional. Con este criterio de avaliación tratarase de comprobar o coñecemento do alumnado sobre a variedade e a funcionalidade dos diferentes elementos constitutivos dun estudo de gravación profesional.

Os exercicios propostos serán, aínda que non de forma exclusiva, das seguintes tipoloxías:

- Realizar exercicios no programa Logic Audio con fin de coñecer o funcionamento dun secuenciador así mesmo como unha ferramenta creativa que o alumno/a poderá dispor e utilizar no seu futuro como un instrumento para as creacións musicais personais
- Realizar exercicios de transcripción nalgún editor de partituras.- Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado en relación co manexo fluído das principais opcións de edición de partituras.
- Realizar exercicios de transcripción co editor de partituras usado na clase. Con este exercicio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado en relación co manexo fluído das principais opcións de edición de partituras.
- Realizar exercicios de edición a nivel básico co editor de audio dixital empregado na clase. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para desenvolverse a nivel básico dentro dun programa de edición de audio ou secuenciador.
- Se algún alumno/a prefirise o uso doutro software similar, poderá solicitar ó profesorado a autorización para o emprego destas outras ferramentas profesionais. En ningún caso o Conservatorio de Ribeira ou ningunha das persoas asociadas a este centro deberán

proporcionar os medios de software e hardware, estes corren a cargo do alumnado que o solicitase. Ademais, o docente non ten a obriga de coñecer o uso do software elixido.

- De acordo co establecido na Lei de Educación, e para favorecer a avaliación continua do alumnado, resulta fundamental que a observación sistemática e cotiá sexa a principal ferramenta de avaliación. Este enfoque permite que o profesorado teña unha visión máis completa e real sobre o progreso do estudante ao longo do curso, tendo en conta non só os resultados obtidos en momentos puntuais, senón tamén o esforzo, a participación e a evolución constante das competencias traballadas. A observación constante ofrece unha perspectiva global e equilibrada, asegurando que se avalíe non só o coñecemento adquirido, senón tamén o desenvolvemento de habilidades e actitudes.
- Ademais, a avaliación continua a través da observación facilita a detección precoz de dificultades no proceso de aprendizaxe, o que permite ó profesorado axustar e adaptar as metodoloxías e recursos empregados. Esta práctica educativa garante unha avaliación máis xusta e inclusiva, centrada no desenvolvemento integral do alumnado, respetando os diferentes ritmos de aprendizaxe e potenciando unha educación máis personalizada. Así, o sistema educativo promove a mellora progresiva e constante, favorecendo o éxito escolar de todo o alumnado.

Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado. É un feito que os alumnos e alumnas que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todas elas aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado. Para dar resposta á diversidade, desde a clase de novas tecnoloxías teremos en conta os protocolos específicos da Xunta de Galicia, e, como liñas xerais, as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.

- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumna.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
 - Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar ás alumnas na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada unha e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con diversidade a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

A normativa permite a ampliación de matrícula nos casos que o alumno/a demostrase que ten adquiridos os obxectivos ou capacidades de tódalas materias do curso matriculado, e amose as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar dito curso e ao que aspira así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor/a reunirse co profesorado de tódalas materias do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación de matrícula no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas, así como as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos de dito proceso. O profesor/a da materia de Novas Tecnoloxías poderá propor unha proba para avaliación da materia (do tipo contido na sección seguinte).

Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo xefe de departamento á Dirección do Centro o cal a elaborará ao Consello Escolar para a súa aprobación. A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.

PROBAS EXTRAORDINARIAS

O alumnado que por calquera motivo non tivese asistencia regular que lle permita aprobar mediante o uso da avaliación continua, ou calquera outra circunstancia sobrevenida a xuízo do profesor/a, poderá presentarse a unha proba extraordinaria no mes de xuño que consistirá en , segundo o caso, unha ou dúas das seguintes opcións:

- A presentación das actividades lectivas que corresponden a avaliacións en cuestión.
 - O profesor/a será o encargado de designar os contidos así como os exercicios a desenvolver no exame. Na devandita proba o tempo de realización non será inferior a 30 minutos nin superior a 60 minutos para o alumnado de Novas Tecnoloxías.

A cualificación numérica do alumno/a será a correspondente a dita proba.